



## **AXUDAS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR**

### **CURSO 2023-2024**

[ORDE do 10 de maio de 2023](#) (DOG Núm.94, 19/05/2023).

#### **REQUISITOS:**

- ✗ Ser pai, nai ou titor/a legal do alumnado matriculado en Educación Primaria ou ESO para o vindeiro curso.
- ✗ Non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.
- ✗ Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10000 euros anuais no 2021.
- ✗ Ter devoltos en bo estado todos os libros adquiridos coas axudas do curso 2022/2023. O caso contrario será causa de **EXCLUSIÓN** directa da participación no préstamo.

#### **A QUE AXUDAS SE PODE OPTAR?**

As contías das bolsas para a adquisición de libros, compra de material escolar ou libros aos que se teñen dereito varían segundo os ingresos da unidade familiar no ano 2021 dividido polo número de membros computables (renda per cápita familiar).

Segundo o resultado obtido, a contía das axudas pode variar:

##### **a) Alumnado de 1º e 2º de EP:**

Vale para a adquisición de libros de texto:

Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € ► 240 €

Renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 € ► 160 €

Vale para material escolar:

Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 € ► 75 €

Renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 € ► 60 €

##### **b) Alumnado de 3º e 4º de EP:**

Vale para material escolar:

Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 € ► 75 €

Renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 € ► 60 €

- ✓ Devolución dos libros de texto adquiridos coas axudas do curso 2022/2023 (nas titorías, antes do 21 de xuño).

- ✓ A asignación dos libros dispoñibles no fondo solidario do centro, efectuarase:
  - 1º) Ao alumnado que participe no fondo solidario, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.  
Terá preferencia para esta adxudicación o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, con independencia da renda.
  - 2º) Unha vez esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o centro docente adquirirá os libros de texto complementarios que sexan necesarios para garantir:
    - Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 6 libros.
    - Alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 4 libros.
    - Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %: 6 libros, con independencia da renda.

c) **Alumnado de 5º e 6º de EP:**

Vale para material escolar:

Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 € ► 75 €

Renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 € ► 60 €

- ✓ Devolución dos libros de texto de 6º adquiridos coas axudas do curso 2022/2023 (nas titorías, antes do 21 de xuño).
- ✓ Os ordenadores de *Edixgal* repartiranse en setembro.

## **PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE:**

### **do 20 de maio ata o venres 21 de xuño (incluído).**

As solicitudes (ANEXO I e II) presentaranse preferiblemente por vía electrónica accedendo a aplicación [FONDOLIBROS](#), a través da [Sede Electrónica da Xunta de Galicia](#) ou presencialmente na secretaría do centro.

- × **A solicitude será a mesma para todos os fillos/as** e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro para o curso 2023/2024, especificando o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no citado curso.
- × **Se están admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada centro.**
- × No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica a través da **aplicación Fondolibros** será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno.

## **DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR:**

➤ **ANEXO I e ANEXO II:** Pódense recoller na secretaría do centro ou descargalos en formato PDF dende a aplicación [FONDOLIBROS](#). A Solicitud debe estar asinada por todos os membros da familia que obteñan ingresos.

➤ **Copia do libro de familia ou documento equivalente**, onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. Non se aceptarán solicitudes que non vaian acompañadas da fotocopia do libro de familia completo.

En caso de que a situación a día 31 de decembro de 2021 non coincida coa do libro de familiar, terase que presentar: a **sentenza xudicial de separación ou divorcio ou**, de ser o caso, **convenio regulador** onde conste a atribución da custodia. Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

## **OUTRA DOCUMENTACIÓN (EN CASO DE SER NECESARIA):**

- Certificado acreditativo do grao de discapacidade do alumno ou dalgún membro da familia.
- No caso de situación de violencia de xénero, documentación acreditativa.
- Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Certificado/volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou órgano equivalente en caso de que o pai, nai ou titor carezan de DNI e NIE.

## CALENDARIO

19 – 21 de xuño	Devolución de libros de texto nas aulas
21 de xuño	Remata o prazo de entrega das solicitudes
3 de xullo	Publicación da listaxe provisional (Indicando causa exclusión)*
4 e 5 de xullo	Reclamacións á publicación da listaxe provisional
6 de xullo	Publicación da listaxe definitiva*
10 ao 14 de xullo	Entrega dos vales
6 de setembro (11:00h)	Entrega dos libros de 3º EP**
6 de setembro (12:00h)	Entrega dos libros de 4º EP**
7 de setembro (11:00h)	Entrega dos ordenadores de 5º EP
7 de setembro (12:00h)	Entrega dos ordenadores de 6º EP

\* As listas provisionais e definitivas das persoas beneficiarias serán publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro nas datas indicadas (De conformidade co artigo 17.1 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno*, e co artigo 15.2.c, da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*).

\*\*Se algún pai, nai ou titor/a legal non pode recoller os libros na hora e día citado, pode vir outra persoa na súa representación, cunha autorización asinada e acompañada da fotocopia do DNI.

## ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA:

→ O alumnado de sexto do presente curso, debe presentar a solicitude no IES no que está admitido para o curso 2023/2024.

→ A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para comprobar a través da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Facenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude, sendo necesaria tamén a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos, que deberán asinar para tal fin o citado anexo correspondente e indicar o seu NIF/NIE.

→ Membros computables da unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso o titor ou titores.
- Os fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados ou as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- Os fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos/as menores solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumno/a.

→ Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar estará constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

→ Non terá a consideración de membro computable:

a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

→ QUEDARÁN EXCLUÍDAS:

- As solicitudes que non se puidesen validar por estar presentadas fóra de prazo.
- Por falta de emenda das deficiencias da solicitude e/ou da documentación.
- Por falta de devolución dos libros de texto recibidos no fondo solidario do curso 2022/2023.
- As solicitudes que superen os límites de renda per cápita da unidade familiar fixados na *ORDE do 10 de maio de 2023*.